

En torno á voz “espaller”

Nun momento en que os estudosos da nosa lingua parecen malgastar tempo e tinta en cuestións tan escasamente productivas cientificamente como o debate sobre a normativa ortográfica, non deixa de ser enormemente proveitoso que vaian aparecendo traballos que poñan os pés na terra e anden á procura de obxectivos máis concretos, máis dificultosos e moito menos habituais. Neste senso, non podemos senón felicitarnos pola aparición dese *Glosario de voces galegas de hoxe*, obra de Constantino García¹.

Ao follear este voluminoso libro, con todo, non tivemos máis remedio que sorprendernos diante dunha das voces alí recolleitas; estámonos a referir a ese curioso *espallar*, definido como “viña pequena” e rexistrada só en Goián, variante léxica que non coñecemos. Non aparece, polo contrario, neste glosario a forma *espaller*, que si está moi ben documentada, pois figura en dicionarios de uso tan común como os de Franco Grande², Carré³, Fernández Armesto⁴, Crespo Pozo⁵ ou Rodríguez González⁶; naturalmente, son tamén bastantes os vocabularios que non recollen este término⁷.

¹ Publicado pola Universidade de Santiago no 1985, como anexo 27 á revista *Verba*.

² X.L. Franco Grande, *Diccionario galego-castelán*, Vigo, 1968.

³ L. Carré, *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego*, A Coruña, 1972⁴; alí lemos “*Espaller*. s.m. Espaldera, armazón de madeira para sostener la vid.” (na mesma páxina recolle tamén a forma *espaldeira*).

⁴ F. Fernández Armesto, *Diccionario castelán-galego*, Sada, 1982². Alí aparece “*Espaldera* f. Agr. espaldeira, espaller”.

⁵ J.S. Crespo Pozo, *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego*, Ourense, 1972. Nel lemos “*Espaldera*; *Espaller*”, e máis abaixo “*Espaller*: Coca (bóveda que se hace con las parras o con los árboles para adorno y mejor sombra).

⁶ E. Rodríguez González, *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, Vigo, 1960. A súa definición, moi completa, é a seguinte: “S.m. Espaldera, espalera, armazón de madeira o de cañas, cubierta de ramaje, que se hace en las huertas para resguardar los árboles frutales, o dar abrigo a los arbustos y plantas de jardín que se ponen a su amparo”, e engade “Vocab. y acep. del DL [*Diccionario de Leiras*]”. Non obstante, no vocabulario de Leiras, tal e como o coñecemos (como apéndice á edición

Poderíamos, claro está, pensar que fose esta unha desas palabras “pantasma” que aparecen nos nosos dicionarios; sen embargo, contamos neste caso coa testemuña de rigurosos investigadores, como os que integraron o Seminario de Estudos Galegos. Estes homes recolleron o término tanto no seu traballo sobre a parroquia de Velle⁸ como na monumental *Historia de Galiza*, onde X. Lourenzo nos ofrece a máis completa definición que coñezo sobre esta voz:

“A fins do outono faise a *poda* pra lle tirar á cepa as varas ou *redes* que lle sobran e pra lle dar mellor forma, asegún o dispositivo usado pra ter colocado a videira.

Istes dispositivos pódense reducir a tres: *estaca*, *espaller* e *parra* ou *lata* [...]

O *espaller* componse dunha serie de *postes* de pedra ou *esteos* de madeira en ringleira, nos que se amarran unhas varas ou aramios paralelos ó chan. Cada cepa leva unha estaca, que pode coincidir ou non cun *esteo*, e os sarmientos ou *redes* átanse ós aramios.

O espacio que queda entre un *espaller* e outro, ou entre dúas fías de videiras en *estacas*, leva o nome de *cabañón* e pódese utilizar pró cultivo dalgunhas prantas de horta coma as berzas, os morogos, etc.”⁹.

Ademais, cóstanos polas nosas propias enquisas que este término é ben coñecido nas zonas de Pontevedra e Cuntis, onde designa non só un sistema de prantación específico para a viña, senón aplicable a outros tipos de vexetais.

preparada por Franco Grande da súa poesía: M. Leiras Pulpeiro, *Obra completa*, Vigo, 1970) tan só lemos “ESPALLER, Espaldera”; noutro traballo haberemos voltar sobre este *vocabulario*.

⁷ Por citar só algún caso, mencionaremos que non é rexistrada esta palabra polos traballos de C. García (*Léxico de la comarca compostelana*, Santiago, 1974), M.C. Enríquez (*Léxico de O Grove*, Santiago, 1974), A. Otero (*Vocabulario de San Jorge de Piquín*, Santiago, 1977), J.A. Porto Dapena (*El gallego hablado en la comarca ferrolana*, Santiago, 1977), M. Taboada (*El habla del valle de Verín*, Santiago, 1979), nin pola voluminosa *Gran Enciclopedia Gallega* (en curso de publicación).

⁸ L. Cuevillas, F. Hermida e X. Lorenzo, *Parroquia de Velle*, Santiago, 1936, p. 122; alí queda definido como “parra colocada verticalmente”. Esta parroquia está situada nas proximidades de Ourense.

⁹ X. Lourenzo, “Etnografía. Cultura material”, en R. Otero Pedrayo (dir.), *Historia de Galiza*, Madrid, 1979, vol. II, pp. 228-229. Non é *espaller* o único término agrícola que presenta problemas; sen saírmos dos que X. Lourenzo menciona, temos que, frente a ese *esteo* de explicación ben sinxela, figura un *cabañón* (*caballón* noutros lugares) que parece necesario aceptar como préstamo. Para máis datos, cfr. X. Posada, *Os viños de Galicia*, (Ourense, 1979), onde se incide neste tema e se indica que este sistema é coñecido “na zona dos Peares, en Ourense e Lugo” (p. 48).

Unha vez comprobada a existencia desta forma en diversas áreas da nosa xeografía, e precisado o sentido (ou os dous sentidos) que ofrece, cómpre preguntarmos se é esta palabra coñecida nas linguas que nos son máis cercanas. O certo é que portugués e castelán non a rexistran, mais presentan formas próximas para designar estas ideas:

a) en portugués son coñecidas as formas *espaldeira* e *espaleira*, que designan o sistema de prantación polo que as polas das árbores fruteiras fican fixadas a unha parede ou a unha rede de aramio¹⁰.

b) en castelán existen *espaldera*¹¹, *espalera*¹² e *espaldar*¹³, formas case sinónimas.

Non resulta difícil explicar etimoloxicamente como voces patrimoniais eses *espaldar* e *espaldera* castelás, nen ese *espaldeira* portugués; en canto a *espalera* e *espaleira*, parece claro que se trata dun italianismo¹⁴. Efectivamente, coñecemos a voz italiana *spalliera*, derivada de *spalla*¹⁵, e definida en xardinería como “la disposizione che si dà alle piante allevandole su un’intelaiatura di legno o di filo di ferro e listelli di legno, fissata a un muro [...] *piantagione a s.*; l’intelaiatura stessa è detta spalliera.

¹⁰ Cfr. VV.AA., *Grande enciclopedia portuguesa e brasileira*, Lisboa-Rio de Janeiro, s.d., s.v. *espaldeira* e *espaleira*; J. Almeida Costa e A. Sampaio e Melo, *Dicionário da língua portuguesa*, Porto, 1979⁵, s.v. *espaldeira*; VV. AA., *Dicionário prático ilustrado*, Porto, 1981, s.v. *espaldeira*.

¹¹ Enreixado superposto á parede; designa tamén a propia parede na que se resguardan as prantas de xardín. Liña de árbores fruteiras, aliñadas sobre aramio, ao ar libre.

¹² Enreixado polo que trepan certas prantas.

¹³ Conxunto de árbores prantadas contra un muro, sobre o que se apoian as súas polas. Ese mesmo muro. Enreixado sobreposto a unha parede para que por el trepen e se extendan certas prantas. Para esta e as anteriores definicións castelás tivemos en conta o que indica a Real Academia no *Diccionario de la Lengua española*, Madrid, 1970¹⁹, e a *Nueva Enciclopedia Larousse*, Barcelona, 1980, s.v. *espaldar*, *espaldera* e *espalera*.

¹⁴ Aínda que no galego sofrise unha adaptación fonética, como italianismo figura rexistrado nos dicionarios castelás e portugueses; con todo, non recollen este término os estudos de J. Terlingen que manexamos; cfr. *Los italianismos en español. Desde la formación del idioma hasta principios del siglo XVII*, Amsterdam, 1943, e “Italianismos”, en *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, Madrid, 1959, pp. 263-305. J. Corominas (*Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Madrid, 1980, s.v. *espalda*) recolle *espalera* como término de xardinería emprestado do italiano e que xa aparece no *Diccionario* da Academia do 1843.

¹⁵ Vid. G. Battiste e G. Alessio, *Dizionario etimologico italiano*, Florencia, 1966, s.v. *spalla*.

[...] Se l'intelaiatura non è adossata a un muro, ma è sostenuta solo dai capisaldi e da pali, si ha la *contropalliera*"¹⁶.

Se atendésemos unicamente ao sentido, resultaría lóxico pensar que a orixe do noso *espaller* radicaba neste término italiano; sen embargo hai problemas de índole fonética que impiden aceptar un préstamo directo desa lingua. Cómpre pensar na mediación doutro idioma para explicar a forma galega sen vocal final.

O francés coñece xa desde fins do XVI a palabra *espallier*, aceptada como empréstito italiano e definida

"A.— Disposition d'arbres fruitiers plantés le long d'un mur sur lequel on palisse les branches, pour favoriser l'ensoleillement et protéger des intempéries les fleurs et les fruits [...]

B.— Arbre dont les branches sont palissées le long d'un mur ou d'un treillage"¹⁷.

En canto ao catalán, aparece este término, co senso de "Enreixat o palissada que es fa per a resguardar una plantació contra el vent i el fred"¹⁸. A primeira documentación da palabra é algo máis serodia que na galorromania, xa que figura en 1617¹⁹.

Non resulta difícil, pois, pensar que no caso de *espaller* nos encontramos diante dunha palabra de orixe italiana, un término técnico, propio da xardinería, que chegaría ao noso país por mediación do francés ou do catalán, mentres que castelán e portugués recibiran a voz directamente do idioma italiano. Resulta sen dúbida interesante observar como esta voz, nun principio restrinxida a determinados métodos de xardinería, pasou

¹⁶ *Lessico universale italiano*, Roma, 1968, s.v. *spalliera*; esa mesma enciclopedia sinala que a *spalliera* "sono disposte di solito parallelamente in direzione NS, a qualche metro di distanza l'una dall'altra; le piante si allevano a cordone verticale, a U, a palmetta. Questo sistema mette a disposizione delle piante maggiore quantità di calore e di luce e, essendo i rami appoggiati, non fa temere i danni del vento".

¹⁷ Definición tomada del *Tresor de la Langue Française* (París, 1971), s.v. *espallier*; alí podemos ler tamén o significado de *mur d'espallier* e *contre-espallier*, que completa a definición; a primeira documentación é de 1572.

¹⁸ J. Alcover, *Diccionari català-valencià-balear* (Palma de Mallorca, desde 1930), s.v. *espatllera*; esta definición non figura, en cambio, en A. Griera (*Tresor de la llengua*, Barcelona, 1968²), ni en J. Corominas (*Diccionari Etimologic i Complementari de la Llengua Catalana*, Barcelona, 1980).

¹⁹ No *Llibre dels secrets de agricultura, casa rustica y pastoril*, de Fr. Miquel Agustí lemos: "Aquest llaberinto d'estas herbas y flors serà fet de camins sebs *espatlleres* de canysos y plantas grans". Curiosamente, é Agustí a primeira documentación que Corominas ofrece para *espatllar* 'respatllar de cadira' (vid. J. Corominas, *op. cit.*, s.v. *espatlla*).

a ser asimilada polo pobo, que a empregou para designar artes moito máis modestas, de xeito que hoxe designa en parte de Galicia un popular sistema de cultivo da viña.

Mais ¿cando penetrou esta palabra no galego? En principio cabería unha explicación moi simple: este término xa tería asumido este senso de sistema para cultivar a viña en Cataluña, e ao producirse a repoboación a base de cepa catalana, a causa da filoxera, o nome entraría con elas; sen embargo hai razóns que se opoñen a esta idea:

a) en primeiro lugar, non temos testemuña de que este sentido específico existise en catalán

b) en segundo lugar debemos precisar que a filoxera comenza a facerse sentir en Galicia en 1882, na provincia de Ourense, mentres que a primeira documentación de *espaller* aparecera xa no *Diccionario* de Cuveiro, onde queda definido como “bóveda que se hace con las parras o con los árboles en las huertas, para que den sombra”²⁰.

Encontrámonos, pois, ante unha voz de introducción máis antiga do que poderíamos supór a primeira vista, e de historia algo máis complicada. Nestas breves páxinas non pretendimos resolver todos os interrogantes que prantexa esta palabra, senón somente botar algo de luz sobre ela, por considerala un término de relativo interés; ao mesmo tempo intentamos dar un toque de atención acerca desa zona do léxico galego tan descoidada polas máis recentes investigacións, a da cultura material.

IGNACIO PEREZ PASCUAL

²⁰ J. Cuveiro Piñol, *Diccionario gallego-castellano*, Madrid, 1876, s.v. *espaller* e *coca*.